

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Vista a acta da selección para a contratación de persoal laboral temporal, de conformidade co convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local de Muras para participar na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEDER) no marco PDR de Galicia 2014-2020, e vista a proposta do Tribunal cualificador; cumprido o establecido na base 7º da convocatoria, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal cualificador para a contratación de catro peóns de brigada, un deles conductor e formalizar contrato como persoal laboral temporal, para realizar as funcións propias do posto, baixo a modalidade contractual de obra ou servizo a xornada completa, nas condicións establecidas nas bases da convocatoria, ós seguintes:

Manuel Luis Gomez Rordriguez	11,8
Anahi Fernandez Ferreyra	11
Carlos Pita Cabaleiro	10,36
Jose Antonio Candia Ramudo	8

SEGUNDO.- O efecto será dende a data de sinatura do contrato, sendo a duración segundo o establecido nas bases da convocatoria.

TERCEIRO.- De conformidade coa base 9ª da convocatoria o resto dos aspirantes, e pola orde decrecente de puntuación obtida pasan a formar parte da bolsa de traballo que se constitúe ó abeiro da dita base, quedando do seguinte xeito:

Servando Freire Fraco	6,5
Maria Elena Rodriguez Comeselle	4

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebra en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, Dª Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)